

Os **I**MPLANTA forestal do Issga

PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN: APROVEITAMENTOS FORESTAIS



INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

INSTITUTO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL DE GALICIA (ISSGA)

issga.xunta.gal


AUTORÍA:

Persoal técnico do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga):

Esther Varela Cerdeira, Álvaro José López Aenlle, Gema Bertoa Veiga e

Estrella Cancio Fenández

Santiago de Compostela, 2026



© Issga. Xunta de Galicia

Prevención de riscos laborales en: Aproveitamentos forestais

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga no seguinte enlace: issga.xunta.gal

Esta obra distribuese con unha licenza CC-Atribución-CompartirIgual 4.0 España de Creative Commons.

Para ver unha copia da licenza, visite:

https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.es_ES



PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN: APROVEITAMENTOS FORESTAIS

PLANIFICACIÓN DOS TRABALLOS DE APROVEITAMENTO



- Percorre a zona antes de comezar os traballos
- Recolle nun mapa os aspectos máis relevantes do aproveitamento: accesos, límites, riscos potenciais...
- Organiza os traballos no espazo e no tempo. Para iso ten en conta:
 - . Os datos do recoñecemento previo
 - . Os medios á túa disposición
 - . Os métodos e técnicas de traballo axeitados
- Designa unha persoa responsable dos traballos
- Sinaliza os accesos e as zonas de risco identificadas
- Asegúrate de que todo o persoal coñece os procedementos de traballo e os protocolos de emerxencia
- Se vas traballar na mesma zona con operarios doutras empresas debes coordinarte con eles



LEMBRA!

Os traballos con motoserra e maquinaria pesada deben realizalos profesionais con formación teórica e práctica específica, e autorizados para o seu manexo

CORTA POLO PÉ E PROCESAMENTO CON MOTOSERRA



- Antes de empezar a traballar coa motoserra comproba o bo funcionamento dos dispositivos de seguridade, e revisa a tensión, afiado e engraxamento da cadea
- Nas operacións de corta polo pé:
 - . Analiza a dirección de caída axeitada
 - . Prepara 2 rutas de escape e límpaas antes de comezar a secuencia de corte
 - . Respecta as recomendación de seguridade recollidas nos manuais de instrucións dos equipos de traballo. Atende ao recollido na avaliación de riscos
 - . Escolle o procedemento de corte axeitado segundo o grosor do fuste, o estado da madeira...
- Nas operacións de corte de pólas e de corte en toradas:
 - . Antes de comezar analiza as tensións e limpa a zona
 - . Traballa só no fuste, cos pés ben asentados, e se o terreo é pendente faino dende a parte superior da ladeira
- Utiliza os EPI necesarios



MAQUINARIA FORESTAL PESADA: ASPECTOS PREVENTIVOS DE CARÁCTER XERAL



- Segue as recomendacións especificadas polo fabricante:
 - . Comproba regularmente o funcionamento e o correcto estado de todos os elementos e dispositivos de seguridade da máquina
 - . Realiza as revisións e os mantementos indicados
 - . Mantén as distancias de seguridade recomendadas
 - . Mantén os parámetros de traballo dentro dos rangos establecidos: evita sobrecargas
- Adapta a velocidade e a conducción ás características da zona de traballo, extremando as precaucións en zonas en pendente
- En terreos pouco adherentes, se fora preciso emprega maquinaria con trens de rodaxe adaptados: monta eirugas ou cadeas
- Cando traballes preto de liñas eléctricas extrema as precaucións. Establece rutas de circulación seguras, acouta a zona de seguridade e reduce a velocidade
- Utiliza o EPI axeitado segundo as tarefas que vaías realizar

CORTA POLO PÉ E PROCESAMENTO CON PROCESADORA FORESTAL



- Escolle o tipo de procesadora e cabezal axeitados ao terreo e ao traballo que vaías realizar
- Asegúrate de ter dende a cabina completa visión da zona de traballo
- Se detectas zonas con pouco campo de visión, coordínate cun observador cualificado antes de comezar os traballos
- Nos traballos en zonas de pendente, estaciona a máquina en liña de máxima pendente
- Para desprazarte polo monte coa máquina recolle o brazo hidráulico
- En caso de avaría do cabezal de corte:
 - . Estaciona a máquina en terreo estable, selecciona a posición neutral na panca da transmisión e activa o freo
 - . Pousa o guindastre no chan, libera presión hidráulica, apaga a máquina e quita as chaves
 - . Se dispós da formación e experiencia adecuadas, revisa o dispositivo e repárao seguindo as indicacións do fabricante
 - . Se a avaría persiste traslada a máquina a un taller especializado



SACA CON AUTOCARGADOR OU TRACTOR FORESTAL



- Escolle os equipos de traballo axeitados ao terreo e á tarefa que vaías realizar
- Busca unha zona estable para as operacións de carga e descarga
- Distribúe a carga uniformemente comezando polas moreas máis próximas para gañar estabilidade
- Evita o movemento pendular da carga: abrázaa por completo coa grampa e pola zona central
- Non deixes nunca o guindastre en posición elevada con carga suspendida
- Se vas utilizar o cabrestante, asegúrate que o equipo sexa axeitado ao traballo que vaías realizar, e comproba previamente o estado de ganchos, cables e demais elementos auxiliares



LEMBRA!

As adaptacións do tractor ao traballo forestal terán que cumprir co recollido na lexislación vixente para os efectos da súa homologación.

TRABALLOS POSTERIORES AO APROVEITAMENTO



EMPACADORA DE BIOMASA

- Limpa coidadosamente as fugas de aceite, graxa ou calquera resto de material inflamable (risco de incendio!)
- Comproba periodicamente o estado dos dispositivos de alimentación, compactado, atadura e corte



ESTELADORA

- Cando a tolva se alimenta de xeito manual é recomendable que o traballo se faga entre 2 operarios
- Esta operación require: casco, pantalla, lentes, protectores auditivos, roupa de traballo axustada de alta visibilidade, luvas e calzado de seguridade

ROZADOIRA

- Revisa periodicamente os elementos de corte e comproba o bo estado das proteccións de seguridade
- Segue as rutinas de enganche e desenganche de apeiros especificadas polo fabricante

TRANSPORTE DE MADEIRA




- Estaciona o camión en terreo chaira e estable, calza as rodas e fixa os estabilizadores laterais
- Sinaliza a zona de carga
- Antes de iniciar a carga comproba as cinchas ou cadeas, os puntos de amarre e os puntais
- Distribúe a carga correctamente para gañar estabilidade
- Durante a carga e descarga verifica que non haxa ninguén na zona de seguridade
- Antes dos desprazamentos comproba o estado da carga, recolle os estabilizadores e coloca o guindastre en posición de transporte
- Adecúa as velocidades ás características das vías polas que circules




HIXIENE POSTURAL NO TRABALLO CON MOTOSERRA



- Asenta ben os pés, flexiona e separa algo as pernas, e procura manter o lombo recto
- Agarra correctamente a motoserra coas 2 mans (a esquerda no mango dianteiro e a dereita no traseiro) e mantén os pulsos rectos



- Cando traballes a rentes do chan apoia os codos nos xeonllos ou pousa os xeonllos no chan (un ou os dous)
- Se fose necesaria a manipulación manual de cargas:





- Levanta o obxecto gradualmente, sen movementos bruscos e coa columna vertebral recta e vertical
- Mantén os brazos pegados ao corpo e o máis estirados posible
- Non levantes unha carga pesada por enriba da cintura nun só movemento
- Durante o levantamento e o transporte non xires o tronco, se é preciso pivota sobre os pés
- Pide axuda para manipular cargas voluminosas, pesadas ou que presenten dificultade para asilas

HIXIENE POSTURAL NO TRABALLO CON MAQUINARIA PESADA



- Utiliza asentos ergonómicos e adáptaos ás túas condicións físicas regulando a altura e a distancia aos paneis antes de traballar
- Intenta alternar tarefas na medida do posible
- Fai as pausas necesarias durante o traballo:
 - . Procura facer pausas curtas e frecuentes aproveitando para facer exercicios sinxelos de estiramento das zonas sobrecargadas
 - . Evita permanecer de forma continuada nunha mesma postura estática



ISSGA - Servizos Centrais

Edificio SL 35
Avda. Fernando Casas Novoa,
35-3º C-D
15707 Santiago de Compostela

Tel: 981 957 018 - Fax: 881 999 433
Email: issga@xunta.gal

Centro ISSGA da Coruña

Rúa Doutor Camilo Veiras, nº 8
15006 A Coruña

Tel: 981 182 329 - Fax: 981 182 332
Email: issga.coruna@xunta.gal

Centro ISSGA de Lugo

Ronda de Fingoi, 170
27071 Lugo

Tel: 982 294 300 - Fax: 982 294 336
Email: issga.lugo@xunta.gal

Centro ISSGA de Ourense

Rúa de Villaamil e Castro, s/n
32872 Ourense

Tel: 988 386 395 - Fax: 988 386 222
Email: issga.ourense@xunta.gal

Centro ISSGA de Pontevedra

Camiño Coto do Coello, nº 2
36812 Rande - Redondela Pontevedra

Tel: 886 218 100 - Fax: 886 218 102
Email: issga.pontevedra@xunta.gal



PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS EN:
APROVEITAMENTOS FORESTAIS



[ISSGA.XUNTA.GAL](https://issga.xunta.gal)



INSTITUTO DE
SEGURIDADE E SAÚDE
LABORAL DE GALICIA



Xacobeo
2027